



**INFORME COORDINACIÓN 1º  
SEMESTRE  
GRAO EN BIOLOXÍA**

**Curso Académico: 2016-2017**

Javier Iglesias Piñeiro

Guillermo Covelo Artos

María Dolores Andrés González

Francisco Javier Salgado Castro



Introducción	p. 5
Primeiro Curso	p. 5
<i>ENQUISA DE COORDINACIÓN</i>	p. 5
<i>REPRESENTANTES DE ALUMNOS</i>	p. 5
<i>COORDINADORES MATERIAS</i>	p. 7
Segundo Curso	p. 9
<i>REPRESENTANTES DE ALUMNOS</i>	p. 9
<i>ENQUISA DE COORDINACIÓN</i>	p. 13
<i>COORDINADORES MATERIAS</i>	p. 16
Terceiro Curso	p. 22
<i>REPRESENTANTES DE ALUMNOS</i>	p. 22
<i>COORDINADORES MATERIAS</i>	p. 24
Cuarto Curso	p. 26
<i>ENQUISA DE COORDINACIÓN</i>	p. 26
<i>COORDINADORES MATERIAS</i>	p. 37
<i>Anexos</i>	p. 41



## **Introdución**

---

Neste informe preséntanse os resultados da enquisa sobre a percepción que os alumnos teñen sobre a docencia recibida no primeiro semestre do curso 2016-17 (Anexo I), os resumos das reunións mantidas entre cada un dos coordinadores de curso e os representantes de alumnos do devandito curso e entre os coordinadores de curso e os coordinadores das materias de cada curso de grao. Ditas reunións realizáronse tras o período correspondente ao primeiro semestre do curso. As reunións cos coordinadores, incluíron igualmente aos coordinadores do segundo semestre; por esta razón, en ocasións engadiuse algunha información sobre o devandito semestre no presente informe.

Os coordinadores de curso do curso 2016-17 son:

- 1º curso: Dr. D. Javier Iglesias Piñeiro
- 2º curso: Dr. D. Guillermo Covelo Artos
- 3º curso: Dra. Dña. María Dolores Andrés González
- 4º curso: Dr. D. Francisco Javier Salgado Castro

## **Primeiro curso**

---

### **ENQUISA AOS ALUMNOS**

Ao longo da segunda quincena do mes de marzo de 2017 os estudantes responderon á “enquisa de percepción do desenvolvemento das materias”. O número de enquisas realizadas foi de 52 no grupo A e de 51 no grupo B. Os resultados da devandita enquisa móstranse ao final do presente informe (Anexo II).

### **REUNIÓN COS REPRESENTANTES DOS ALUMNOS**

- Día: 16 de maio de 2017.
- Asistentes: Javier Iglesias Piñeiro (coordinador de primeiro curso); Carla Coedo Costa (representante grupo A) e Iris María Marcote Corral (representante do grupo B)

- Puntos da orde del día:

1. Comentar os resultados das enquisas de percepción do desenvolvemento das materias do primeiro cuadrimestre.
2. Dúbdidas, recomendacións, queixas, suxestións de calquera tipo.

Con respecto ao punto 1, os alumnos representantes sinalaron que tanto o modelo de enquisa como os resultados obtidos (Anexo II) lles parecen satisfactorios.

Con respecto ao punto 2, os alumnos representantes sinalaron os seguintes temas:

- Consideran necesario que se realice un exame parcial eliminatorio de materia na materia FUNDAMENTOS DE BIOLOXÍA ANIMAL E VEXETAL, alegando que a cantidade de materia é excesiva para un único exame. Con respecto a esta materia, sinalan tamén que o nivel de esforzo necesario para realizar o traballo de curso que se lles pide é diferente entre os grupos que son titorizados polos diferentes profesores.

- Para a materia MATEMÁTICAS PARA BIOLOXÍA, dado que tanto nas prácticas como nas titorías utilizan os computadores das aulas de informática, suxiren que se reorganicen as horas de prácticas e as de titorías de modo que poidan pasar máis horas seguidas nas aulas de informática

- Con respecto a XEOLOXÍA sinalan que sería necesario coordinar mellor as prácticas e as clases teóricas, posto que realizan prácticas sobre temas que aínda non viron en teoría. Indican tamén a existencia dun diferente grao de dificultade nos exames dos dous grupos de docencia.

## REUNIÓN COS COORDINADORES DAS MATERIAS

- Día: 31 de maio de 2017.
- Asistentes:
  - Pilar Mato (coordinadora de Matemáticas para Bioloxía)
  - Diego Martínez (profesor de Biofísica)
  - Manuel Paz (coordinador de Química para Bioloxía)
  - Jesús Lamas (coordinador de Bioloxía da Célula)
  - Miguel Rodríguez Díaz (coordinador de Biología dos Tecidos e Órganos)
  - César Sánchez (coordinador de Bioestatística)
  - Benita Silva (coordinadora de Xeoloxía)
  - Javier Iglesias (coordinador de Fundamentos de Bioloxía Animal e Vexetal e coordinador de primeiro curso do Grao en Bioloxía)
  - Teresa Taboada (coordinadora de Técnicas Básicas e coordinadora do Grao en Bioloxía)
- Puntos da orde do día:
  - 1. Comentar os resultados das enquisas de percepción do desenvolvemento das materias realizadas polos estudantes (Anexo II), e da reunión cos alumnos-representantes.
  - 2. Dúvidas, recomendacións, queixas, suxestións de calquera tipo.

1.- Os asistentes atopan satisfactorios os resultados das enquisas realizadas polos alumnos. Coméntase que en xeral, o ítem da enquisa que presenta peor valoración por parte dos alumnos é o correspondente á utilidade das titorías obrigatorias. O coordinador de curso sinala que os alumnos representantes de cursos anteriores xa comentaron en varias ocasións que atopan máis útiles aquelas titorías obrigatorias que están dotadas de contido (realización de traballos, realización de problemas ou exercicios prácticos, etc.), que aquelas outras nas que só se resollen dúvidas ou se repasan contidos xa expostos nas clases teóricas.

2. O coordinador da materia FUNDAMENTOS DE BIOLOXÍA ANIMAL E VEXETAL indica que para o próximo curso 2017-18 exporalle ao resto de profesores da materia a solicitude dos alumnos de facer un exame parcial eliminatorio de materia. Con respecto á opinión dos alumnos de que o nivel de esforzo necesario para realizar o traballo de curso que se lles pide é diferente entre os grupos que son titorizados polos

diferentes profesores, o coordinador sinala que tales diferenzas se refiren a que algúns titores lles piden que entreguen o traballo impreso e outros non, e que algúns lles fan expor o traballo a todos os membros de cada grupo de titorías, mentres que noutros casos só expón un dos membros. De todos os xeitos, tentaranse eliminar esas diferenzas en cursos vindeiros.

A coordinadora de MATEMÁTICAS PARA BIOLOXÍA sinala que atopa razoable a suxestión dos alumnos e que falará coa Secretaría do Centro para tentar reorganizar os horarios.

A Coordinadora de XEOLOXÍA sinala que a falta de coordinación entre as clases teóricas e as prácticas de laboratorio débese á limitada dispoñibilidade do laboratorio no que realizan as prácticas da materia, e que tentarán solucionalo en coordinación coa Secretaría do Centro, responsable da elaboración dos horarios. Con respecto ao diferente grao de dificultade nos exames dos dous grupos de docencia, sinala que en diante se fará un exame único para os 2 grupos.



## Segundo curso

---

### VALORACIÓN DO ALUMNADO

Este informe é o resultado da reunión do coordinador de 2º curso, **Prof. Guillermo Covelo Artos**, mantida o 22 de marzo de 2017 coas representantes (**Elena González Martín** e **Saladina Vilavert Gondar**) de alumnos/as de 2º curso e da revisión das enquisas de percepción do desenrolo das materias cubertas polos/as alumnos/as de 2º (recibidas un total de 40 do grupo A e 19 do grupo B, dun total de aproximadamente 80 enquisas/grupo postas á súa disposición) durante as primeiras semanas de marzo de 2017. Inclúense tamén os resultados de valoración numérica das materias realizadas nas citadas enquisas (Anexo III).

Comézase reflexando algunhas cuestións xerais do desenvolvemento do curso e puntos para mellorar, segundo as apreciacións dos/as alumnos/as. Unha parte destas cuestións transcenden ás competencias dos/as coordinadores/as e profesores/as das materias.

### Presencialidade e horarios de clases

Segundo comunican as representantes, consideran que existe demasiada actividade presencial na facultade, o que significa que pasan demasiadas horas nas aulas e laboratorios. A este respecto indican o elevado número de prácticas de laboratorio, aínda que finalmente admiten que sobre todo o problema son as titorías e seminarios, que saturan as tardes, dedicadas habitualmente ás prácticas. Tamén mencionan que as mañás con 5 horas de clases expositivas se fan moi pesadas. Por tanto, propoñen reducir a obrigatoriedade de seminarios e titorías naquelas materias en que o son.

Sen embargo, algúns comentarios nas enquisas van orientados á pouca actividade práctica, sobre todo en Botánica I e Zooloxía I (laboratorio, saídas ao campo), aínda que tamén existe algún requirimento xeral para todas as materias.

### Mobilidade entre grupos

A representante do grupo B solicita que exista unha maior flexibilidade dos/as profesores/as para poder cambiar de grupo (ou asistir en grupos diferentes aos asignados) nas prácticas de laboratorio. Comprenden que haxa materias como Bioquímica I onde estes cambios poden variar a dinámica dos grupos, xa que as

mostras xeradas por cada grupo se utilizan nas sesións seguintes. Sen embargo, noutras materias, onde as sesións consisten na visualización e análise de espécimes ou preparacións, non comprenden a negativa dos/as profesores/as a poder asistir a prácticas noutros grupos mentres haxa sitios dispoñibles.

### **Exames e avaliación**

Unha queixa expresada polas representantes é o calendario de exames demasiado curto. Os/as alumnos/as consideran que os exames están moi xuntos e non lles dá tempo a preparalos axeitadamente.

Por outra banda, en practicamente todas as materias, hai queixas sobre as diferenzas de nivel, dificultade, extensión, etc., apreciadas por eles/as, nos exames dos dous grupos cando a docencia está impartida por distintos/as profesores/as.

Outra solicitude das representantes é a posibilidade de conservar a nota (e liberación de materia) dos exames parciais aprobados de cara á segunda convocatoria, naquelas materias que os realicen. Neste sentido, tanto as representantes como nun par de enquisas solicitan que en todas as materias (e grupos) se fagan exames parciais.

As representantes indican que existe demasiada carga de traballos non presenciais en todo o cuadrimestre, e que na maioría dos casos supoñen unha baixa porcentaxe da nota final, pero que pode supoñer suspender ou aprobar a materia. Polo tanto, solicitan que estes traballos contén unha maior porcentaxe da nota final, acorde co esforzo que lles supón a súa realización e/ou que liberen materia de cara ao exame.

Tamén, en termos xerais, aínda que logo se comenta nalgúns casos por materias concretas, os/as alumnos solicitan as presentacións das clases ao través do curso virtual previamente á súa realización xa que lles facilita o seguimento destas e dispoñen de material de estudo de cara aos exames.

A continuación relátanse os comentarios máis habituais desglosados por materias.

### **Botánica I**

Sobre a docencia do grupo A, comenta tanto a representante como se indica nun par de enquisas, que as clases se limitan á lectura das diapositivas, o cal non lles parece apropiado nin didáctico. A representante do B transmite certo desagrado dos

seus compañeiros/as coas diferenzas de nivel e falta de homoxeneidade entre os dous grupos, e en especial co feito de que non se faga o mesmo exame nos dous grupos. No grupo A comentan (representante e en 3 enquisas) que teñen notado diferenzas de nivel importantes entre a materia impartida e o nivel do exame. Comentan que moitos temas foron dados moi superficialmente pero logo preguntáronse cousas moi específicas. No grupo B queixanse das diferenzas no modelo/tipo de exame entre o parcial e o final. As representantes solicitan que as presentacións das expositivas se poñan a disposición dos/as estudantes antes das clases.

Existe unha importante queixa, transmitida polas representantes, sobre a organización do exame final da materia realizado na aula magna. Consideran que houbo moita descoordinación e desorganización, demasiado ruído e tempos de espera moi prolongados entre a entrega do exame de expositivas e o de prácticas.

### **Zooloxía I**

Con respecto ao grupo A, a representante comenta que a materia é demasiado extensa. Tamén hai críticas polo feito de que no exame había preguntas (ou mesmo todo o exame, non quedou moi claro) en inglés, situación descoñecida previamente polos/as alumnos/as e que non vén indicada na guía docente. Neste grupo, a alumna representante indica que as prácticas lle parecen algo insuficientes e que nalgunha delas se trataron contidos non estudados en clases expositivas.

No grupo B valoran moi positivamente a práctica de campo realizada en Aguiño (común aos dous grupos).

Tamén mostran o seu malestar polo feito de que no grupo B houbo un exame parcial que non se realizou no grupo A, de modo que solicitan que os dous grupos sexan tratados por igual e exista mellor coordinación.

### **Xenética I**

A maioría dos comentarios nesta materia están realizados por alumnos/as do grupo A no que existen algunhas queixas xenéricas ao profesor polo seu xeito de dar as clases (nivel baixo, lectura de diapositivas) e outras (3) sustanciadas en que o nivel dos problemas do exame (nunha enquisa reclaman máis seminarios para a realización de problemas) era superior aos feitos en seminarios, e un nivel de esixencia superior na corrección do exame con respecto ás clases (representante e unha enquisa). Como noutras materias, algún alumno/a reclama que se deixen previamente as presentacións das clases expositivas no curso virtual, e en ámbolos

grupos, reclaman tamén os problemas dos seminarios xa resoltos, a posteriori, claro. Tamén extensivo a ámbolos grupos, existe descontento (representantes e un par de enquisas) entre os/as estudantes pola práctica de recortar e pegar cromosomas, xa que a consideran de pouco nivel e unha perda de tempo, polo menos nesa configuración.

### **Bioloxía do Desenvolvemento**

Esta materia é a que menos comentarios e queixas ten suscitado. Hai un par de enquisas do grupo A que agradecen as prácticas e a realización do exame parcial, aínda que tamén solicitan máis explicacións previas durante as sesións prácticas. Tamén, nunha enquisa indícase que o temario da materia parece demasiado extenso. No grupo B, unha enquisa fai mención a que algúns “espécimes conservados en tarros” das prácticas estaban mal conservados.

### **Bioquímica I**

Esta materia foi, con diferenza a que máis comentarios desfavorables e desagrado creou entre os/as alumnos/as, de ámbolos grupos, neste primeiro cuatrimestre.

Con respecto aos/as profesores/as de clases expositivas (os/as mesmos/as en ámbolos grupos), apuntan en 6 enquisas (e a impresión das representantes) comentarios moi favorables pola docencia impartida na primeira parte da materia. Sen embargo, a segunda parte é amplamente criticada polas representantes e o resto de alumnos/as (20 comentarios), sendo o resumo que as súas clases foron moi desorganizadas, repetitivas, sen seguir (e cumprir) o programa, caóticas e sen resolver as dúbidas que xurdían.

En 4 enquisas alúdese á escasa coordinación dos/as profesores/as da materia encargados/as das distintas actividades docentes, como nos seminarios, que a veces trataron temas non explicados nas clases expositivas, o que levou a que os profesores encargados tivesen que explicar a teoría e non dedicasen o tempo a facer problemas, para o cal estaba dedicada esa actividade docente.

Con respecto aos seminarios (tamén iguais e cos mesmos profesores para os dous grupos), en 6 comentarios valóranse moi positivamente, aínda que nun par se indica que non son útiles “de cara ao exame”.

No relativo ás prácticas, tamén se indica nalgún comentario que nalgún caso se trataron conceptos non explicados en clases expositivas, o cal facía que lles

costase a realización destas. Pero en xeral os comentarios sobre este aspecto da docencia son positivos.

Debido á baixa médica da profesora encargada da segunda parte da docencia expositiva, o resto de profesores (4) implicados na docencia da materia tiveron que encargarse da corrección do exame xa realizado pola profesora. Este aspecto tamén levantou bastantes críticas (12 enquisas e as críticas das representantes). Por un lado, son moitas as queixas de alumnos/as (tamén transmitidas polas representantes) pola elevada tardanza na publicación das notas, moi por enriba do prazo oficial. Por outra banda, o propio nivel da corrección suscitou comentarios críticos que indican que este foi por enriba do nivel dado nas clases expositivas, polo menos en parte das preguntas do exame. Por último, nunha enquisa se critican tamén “as malas maneiras” dos profesores durante o período de revisión de exames e o elevado tempo perdido neste proceso. As representantes de alumnos/as, sen embargo, non consideran que o nivel esixido polos “profesores/correctores” teña sido demasiado elevado en xeral (a representante do grupo B si indica que nalgunha pregunta lle pareceu un nivel un pouco máis esixente do esperado e que as notas foran demasiado baixas), e que trato durante o proceso de revisión foi correcto, como en calquera materia.

## **ANÁLISE GLOBAL DOS RESULTADOS DA ENQUISA DE PERCEPCIÓN DA DOCENCIA**

Os resultados da enquisa preséntanse no Anexo III. En xeral, os apartados 1 e 2 da enquisa (cumprimento das actividades reflectidas na guía docente e cumprimento do temario, respectivamente), arrojan resultados favorables (por enriba de 2 en todos os casos, e nalgúns rozando o 3) para todas as materias, excepto para Bioquímica I, onde son notablemente baixos, moi por debaixo do 2.

No apartado 3 (solapamentos e redundancias de contidos), o resultado é parecido ao anterior, con todas as valoracións por enriba do 2,5 (con algunha diferenza entre grupos en Xenética I). No caso de Bioquímica I hai unha diferenza destacable entre os dous grupos, sendo do 2,22 no grupo A e de 1,8 no B. Sen embargo, os contidos e profesores/as foron os mesmos en ambos.

As materias mellor valoradas no apartado de titorías (pregunta 4) foron Bioloxía do Desenvolvemento (2,03 no grupo A e 2,61 no B) e Zooloxía I, que en ámbolos grupos está por enriba de 2). No resto de materias, as titorías non están moi ben valoradas, con resultados por debaixo do 2 (moi baixas en Bioquímica I).

As prácticas de laboratorio (pregunta 5) son en xeral ben valoradas polos/as alumnos/as, en especial en Bioloxía do Desenvolvemento (2,88 no grupo A e 2,79 no B) e no resto de materias tamén por enriba do 2 de valoración. Sen embargo, en Xenética I existe unha percepción menos positiva xa que en ambos os grupos se queda por debaixo do 2, o que pode reflectir algúns problemas detectados máis enriba.

En Bioquímica I e Xenética I existe bastante homoxeneidade entre grupos na valoración dos seminarios (pregunta 6) cuns resultados arredor do 2,6 a primeira e 2,7 a segunda, o que indica que se perciben como bastante útiles polos/as estudantes. En Bioloxía do Desenvolvemento vemos algunhas diferenzas entre grupos, sendo moito mellor valorados os seminarios no grupo B (2,77) que no grupo A (2,08). En Zooloxía I, aínda que tamén se perciben algunhas diferenzas, en ámbolos grupos (mellor no B) a valoración está arredor do 2.

O nivel de esixencia na avaliación (pregunta 7) foi valorado como excesivo en ámbolos grupos de Bioquímica I (1,3). Esta homoxeneidade entre grupos tamén se percibe en Bioloxía do Desenvolvemento e Zooloxía I, pero nestes casos cunha percepción máis favorable dos/as alumnos/as con respecto á docencia recibida, xa que a puntuación está en ámbolos casos arredor do 2,8 na primeira e do 2,6 na segunda). Nas outras dúas materias existen algunhas diferenzas entre os grupos, sendo o grupo A (1,86 en Botánica I e 1,73 en Xenética I) o que percibe maior nivel de esixencia na avaliación, con respecto o B (2,35 en Botánica I e 2,44 en Xenética I). Estas diferenzas do nivel percibido na esixencia de cara á avaliación tamén foron tratadas na análise por materias.

Na pregunta 8, (*A docencia da materia mellora a miña formación*), en coincidencia coas críticas xerais a esta materia no presente curso, a Bioquímica I sale moi mal parada, xa que en ámbolos grupos a valoración ten sido moi negativa (1,51 e 1,4). En xeral, no resto de materias a valoración foi máis baixa no grupo A que no B, destacando Bioloxía do Desenvolvemento (2,26 no A e 2,95 no B) e Xenética I (2 no A e 2,79 no B). Para as materias restantes os resultados entre grupos son máis parellos: en Botánica I lixeiramente por debaixo de 2 no grupo A e 2,23 no B, mentres que en Zooloxía I o resultado é de 2,28 no A e 2,53 no B.

Non existen diferenzas notables en canto ao nivel de esforzo requirido polas distintas materias (pregunta 9), todas elas cunha puntuación media entre 2,6 e 2,7 entre os dous grupos, excepto Botánica I (2,38 no grupo A e 2,11 no B, a máis baixa) e Bioloxía do Desenvolvemento, onde destaca tamén a diferenza entre grupos (2,71 no grupo A e 2,16 no grupo B).

A pregunta 10 (número aproximado de horas de traballo persoal) é a que, tal

vez, teña máis difícil valoración xa que os resultados recollidos foron moi diferentes e con elevada variabilidade. No cálculo que se indica nas táboas que están a continuación, elimináronse aqueles datos superiores a 150 horas (que mesmo creo que é un valor esaxerado para unha materia) e os que indicaban valores de 2 ou 3 (probablemente confundidos pola escala valoración nas preguntas anteriores). As materias que parecen ter requirido máis tempo de estudo e dedicación foron Xenética I, Zooloxía I e Bioquímica I (no grupo B), con entre 77 e 79 horas. A cuantificación no grupo A é inferior en todas as materias, aínda que de novo, lixeiramente por enriba Bioquímica I e Zooloxía I. É curioso o caso de Bioloxía do Desenvolvemento, que neste grupo está tamén entre as de máxima dedicación (69,1 horas), cando no grupo B aparece, con diferenza, como a de menor dedicación (47,8 horas). A mesma circunstancia, pero á inversa, dáse en Xenética I. En xeral, Botánica I foi en ámbolos grupos a que menor dedicación de tempo supuxo para los/as alumnos/as (54,5 horas no grupo A e 58,8 horas no grupo B), a excepción do anteriormente comentado no grupo B para Bioloxía do Desenvolvemento.

## COORDINADORES DE MATERIAS

Este informe recolle as opinións vertidas polos/as profesores/as de 2º do grao de Bioloxía reunidos/as o 21 de abril de 2017.

Concorrintes:

Profa. **Isabel Iglesias Fernández**, coordinadora de Botánica I

Profa. **María Belén Gómez Pardo**, coordinadora de Xenética I (por videoconferencia)

Prof. **Marcos Andrés González González**, coordinador de Zooloxía I e II

Prof. **Andrés Baselga Fraga**, profesor na materia Zooloxía I

Prof. **Francisco Javier Salgado Castro**, profesor Bioquímica I

Prof. **Jaime José Gómez-Márquez**, coordinador de Bioquímica II

Profa. **María del Carmen Monterroso Martínez**, coordinadora de Bioxeoquímica

Prof. **Guillermo Covelo Artos**, profesor na materia Bioquímica I e coordinador de 2º de grao.

Primeiro abórdanse as cuestións xerais do desenvolvemento do curso, cuestionadas polos/as estudantes, para logo tratar os temas máis específicos das diferentes materias.

### **Presencialidade e horarios**

É de supoñer que os horarios, sobre todo polas mañás, dedicadas a clases expositivas, se suavicen un pouco debido ao cambio de dedicación horaria establecido polo Decanato de cara ao próximo curso en todo o grao.

Os/as profesores/as asistentes mostran a súa sorpresa ante a “queixa” das representantes sobre o excesivo número de clases prácticas de laboratorio, aínda que, como se ten indicado máis enriba, esta opinión é moi variable entre os/as alumnos/as, dada a circunstancia, ademais, de que é das actividades mellor valoradas en case todas as materias. A coordinadora de Botánica I mesmo cre que deberían ser máis (cuestión que se solicita nalgunhas enquisas para esta materia) pero que cumpren coas programadas na guía docente.

### **Mobilidade entre grupos**

Os/as profesores/as presentes indican que non teñen constancia de que nas súas materias se teña negado a entrada en prácticas a ningún/a alumno/a fora de grupo, a menos que se houberse excedido a capacidade do laboratorio ou do material dispoñible. Non obstante, indican, en especial o Prof. González, que os calendarios de



prácticas están publicados dende principio de curso e que poden cambiarse antes de que este comece. Tamén, como indica a Profa. Iglesias, permítense os cambios “alumno/a por alumno/a” para non descompensar os grupos, e ás veces tamén os/as alumnos/as “extra” nun grupo. Indican que o feito de que aparentemente haxa sitio no laboratorio ou equipos dispoñibles (léase microscopios, por exemplo), non quere dicir sempre que estean funcionais ou que haxa preparacións ou mostras para postos extra. Non obstante, a queixa formulada polas representantes de alumnos/as non facía referencia á materia (ou materias) que presentou este problema.

### **Exames e avaliación**

En xeral, os/as profesores/as reunidos/as esperan que o calendario de exames se suavice coa nova normativa que elaborou a USC neste sentido.

Con respecto ás **diferenzas de docencia** percibidas polos/as estudantes entre os distintos grupos de cada materia, os/as profesores/as indican que é normal, e que aínda que tratan de coordinarse é imposible unha homoxeneidade total. Con respecto aos exames, en especial o Prof. González indica que facer un exame único para os dous grupos non lle parece unha boa idea. En xeral esta idea é defendida polo resto de profesores/as presentes. En concreto, indica que foi unha cuestión tratada varias veces en comisión de docencia sen terse chegado nunca a unha conclusión nin obrigatoriedade de facer un exame único. Ademais, engade, que poñer o exame que considere oportuno forma parte da liberdade de cátedra do/a profesor/a. O Prof. Baselga indica a este respecto que o suposto agravio dun grupo a outro con distintos profesores/contidos/exame tamén ocorre dun curso para outro cando cambian os/as profesores/as das materias, e isto nunca foi cuestionado. En definitiva, todos/as indican que o importante é que o exame se corresponda cos contidos e nivel esixidos en cada grupo. A Profa. Iglesias indica que a obrigatoriedade de exame único para os dous grupos se impuxo na Facultade de Farmacia e creou moito descontento entre os/as docentes.

A conservación da nota dos **exames parciais** superados, de cara á avaliación de segunda oportunidade, mostrou a oposición conxunta dos/as presentes. En xeral, non se cre que sexa correcto fragmentar a materia nas dúas convocatorias, e por outra banda, ao tratarse de exames voluntarios e non oficiais, o/a profesor/a poderá organizalo como crea oportuno, sempre e cando se indique na guía docente. Por outra parte, algún/as dos/as presentes mostraron a súa negativa a facer exames parciais (reivindicación feita polos/as estudantes) dado o formato de materias cuatrimestrais do grao. Mesmo, a Profa. Iglesias, que si realizou parcial este curso en Botánica I, sopesa non facelo o vindeiro curso. Ademais, ponse de manifesto que a realización

destes exames non oficiais afecta á docencia xa que os/as alumnos/as non asisten a titorías, seminarios, etc. doutras materias, por asistir ou preparar estes exames.

O Prof. González cre xusta a reivindicación dos/as estudantes, polo menos na súa materia, con respecto ao peso na **nota dos traballos en grupo**. Sen embargo, el considera que o problema de valoralos en maior proporción é que adoitan ser moitos/as alumnos/as por grupo e que en xeral non todos/as traballan por igual, polo cal sería inxusto darlles máis valor na nota final. Non obstante, o coordinador de curso indica que os/as profesores/as debemos reflexionar este aspecto e intentar axustar máis o valor real na nota final destes traballos, que adoitan consumir moito tempo aos/as estudantes.

A **difusión dos contidos de clase no curso virtual** xerou unha importante discusión na reunión. A Profa. Gómez indica que subir as presentacións previamente á clase é difícil xa que, no seu caso, ás veces cambia cousas ou as elabora xusto o día anterior, pero que si as sube a posteriori. Outros/as profesores/as indican cuestións similares. Sen embargo, o Prof. Gómez-Márquez indica que se nega a subir as presentacións ao curso virtual xa que é incorrer nun delito (polo menos no formato no que as ten el), existen moitos libros na biblioteca e os/as alumnos/as dispoñen de internet para buscar material, sobre todo nestas materias básicas de segundo curso, onde mesmo edicións antigas de libros son máis que suficientes, como indica o Prof. Covelo. Por outro lado, tamén se indica que aportar todo feito aos/as alumnos/as vai en contra da súa formación, da autoaprendizaxe e do espírito universitario.

A continuación indícanse os comentarios dos/as profesores/as con respecto ás observacións e críticas concretas das súas materias.

### **Botánica I**

A coordinadora desta materia non comparte a crítica dos/as alumnos/as relativa á disparidade de nivel de contidos e exame entre os dous grupos, xa que houbo unha fluída comunicación entre as profesoras responsables en ambas cuestións, aínda que si recoñece que o exame foi distinto. Tal vez, puntualiza, ao tratarse do primeiro ano que a profesora do grupo A impartía esta materia completa tivera algúns problemas neste aspecto.

Con respecto á organización do exame final, indica que o realizaron o mellor posible dado que tiveron que xuntar aos dous grupos na Aula Magna ao non dispoñer de axuda doutros/as profesores/as para repartilos/as en varias aulas. Non obstante, di que os/as alumnos/as non tiñan límite de tempo para facer os exames (teoría e prácticas), aínda que recoñece que si había que entregar o primeiro para comezar co

segundo, o que ralentizou o proceso.

Tamén foi criticado polos/estudantes o tipo de exame diferente no parcial e no final. A Profa. Iglesias indica que este cambio foi a solicitude dos/as estudantes, polo menos dos/as que asistiron a unha titoría dedicada a esa cuestión. Dados estes problemas e por outras razóns, como se indicou enriba, é probable que o vindeiro curso non se realice exame parcial nesta materia. Por outra parte, a coordinadora apunta que o tipo de exame e preguntas foi informado sobradamente, mesmo poñendo á súa disposición previamente modelos de exame de cursos pasados, dos cales houbo coincidencia de preguntas co exame actual.

Noutra orde de cousas, a coordinadora da materia mostra o seu descontento cos cambios de grupo permitidos polo Decanato xa que o grupo A superaba en aproximadamente 40 alumnos/as ao grupo B, o que deixaba os grupos moi descompensados.

### **Zooloxía I**

O coordinador da materia, Prof. González, indica que a realización do exame parcial nun grupo foi a criterio dos/as profesores/as correspondentes sen consultalos do outro grupo e non seguindo o criterio da guía docente. El indica que, de acordo ao que está reflexado na guía docente, non é partidario de facer exame parcial da materia. O Prof. Baselga opina que non lle parece tan grave que un grupo si teña un parcial e o outro non. Nese punto éntrese nunha discusión co coordinador do curso que cre oportuno e correcto que en cada curso e materia os/as alumnos/as teñan as mesmas oportunidades e criterio de avaliación, independentemente do grupo no que estean.

### **Xenética I**

A coordinadora trasladará as críticas do grupo A ao profesor correspondente.

No relativo ás prácticas de laboratorio, tratarán de modificar a práctica que suscitou queixas, pero apunta a dificultade que supón atender a un grupo grande de alumnos/as por un/a so/a profesor/a e a dificultade de introducir outra actividade no pouco tempo da sesión práctica. A Profa. Gómez fai algunha puntualización máis a este respecto pero a calidade do son da conexión por videoconferencia é moi mala e resúltame imposible reproducilo aquí.

### **Bioquímica I**

O coordinador de 2º curso, profesor ademais desta materia, expón aos/as presentes a problemática ocorrida neste curso. A profesora responsable das expositivas atopábase con problemas de saúde e é posible que a docencia impartida non fose da calidade desexada. Ademais, logo tivo unha baixa médica, tras a realización do exame. Esta circunstancia non foi comunicada ao resto de profesores da materia e dous días antes do peche de actas comunicásenos que debemos asumir a corrección dos exames. Este proceso durou menos de dúas semanas, pero loxicamente fora de prazo e coa xusta inqueda e preocupación dos/as estudantes. Neste sentido, o Prof. Gómez.-Márquez, indica que houbo un fallo importante do Decanato e/ou Xefatura de Departamento por non comunicar a tempo a situación aos profesores responsables da materia.

O cambio de profesores para a corrección do exame supuxo outro motivo de crítica polo elevado nivel esixido, segundo os/as alumnos/as. Neste sentido teño que indicar que tres dos catro “profesores-correctores” impartiron esta materia o curso pasado, de xeito que teñen os contidos “frescos”, e por outro lado, os resultados da avaliación non confirman a percepción dos/as estudantes. Nesta convocatoria houbo un 67 % de aprobados/as, (o curso pasado un 65 %) e nos últimos anos o nivel de aprobados/as é moi inferior (42,8 %, 53,4 % y 35,2 %). Cremos, por tanto, que o nivel esixido polos correctores non foi desproporcionado en absoluto.

Si recoñezo persoalmente (Prof. Covelo) algún erro de coordinación nos contidos de seminarios de acordo ao que se tiña avanzado nas expositivas, que se corrixiu coa explicación no seminario da parte teórica, o que efectivamente redundou en facer poucos problemas dese apartado.

Nin eu nin o Prof. Salgado compartimos o comentario de varios/as alumnos/as nas enquisas de que os seminarios non servían “para aprobar o exame”. Por unha parte, os seminarios non teñen que estar dirixidos para aprobar un exame de expositivas. Ademais, os problemas dos seminarios eran avaliados e supuxeron unha parte da nota final. E para rematar, dúas preguntas do exame foron moi parecidas a algúns dos problemas realizados en seminarios. Todo isto fainos sospeitar moito da obxectividade coa que se cobren estas enquisas de alumnos/as. Tamén teño que dicir, que en termos xerais, tanto os seminarios como as prácticas foron ben valorados polo conxunto dos/as estudantes da materia.

O Prof. Salgado comenta que a situación producida nesta materia durante este curso foi absolutamente puntual, debida a unha cuestión médica e un cúmulo de circunstancias desgraciadas, e que non se debe valorar tan severamente aos/as profesores/as nin á materia en si por unha situación anómala como esta. Por outra banda, apunta tamén, ante as críticas vertidas por algúns/as alumnos/as polo trato no

proceso de revisión dos exames, que no seu parecer o trato cos alumnos/as foi exquisito, como en calquera materia. Ben é certo, que as representantes indicaron que o trato recibido nese proceso pareceulles correcto.

### **Biología do Desenvolvemento**

Sobre esta materia non se recollen opinións nin comentarios posto que non asistiu á reunión ningún/a dos profesores/as da materia.

## Terceiro Curso

---

### REPRESENTANTES DE ALUMNOS

Ao comezo do curso, setembro de 2016, a profesora M<sup>a</sup> Dores Andrés -coordinadora de 3<sup>o</sup> curso- comentoulle aos alumnos/as de 3<sup>o</sup> a conveniencia de contar cun deles, por grupo, para servir de representante na relación co profesorado das diferentes materias, decanato etc. Pedíuselles que fosen alumnos matriculados en todas as materias de 3<sup>o</sup>, que asistisen asiduamente a clase e cun certo compromiso. Finalmente ofrecéronse para esta tarefa:

Grupo A: Valentín Estévez Souto

Grupo B: Lucía Lage Pita

A estes alumnos pedíuselles que informasen á coordinadora de calquera problema que xurdise ao longo do curso.

### REUNIONES CON LOS REPRESENTANTES DE ALUMNOS

O 30 de xaneiro de 2017 os alumnos representantes reuníronse coa coordinadora do curso para tratar diferentes temas:

- Repartición da enquisa sobre a docencia das materias do 1<sup>o</sup> semestre: o modelo de enquisa fora previamente acordado polos distintos coordinadores de curso xunto coa coordinadora de grao (Anexo I). Explicóuselles aos alumnos representantes a importancia de obter suficientes resultados para que fose representativa e que, por tanto, insistisen aos seus compañeiros para que a cubrisen. quedou en pasar unhas 40 por grupo e deixar 10-12 días de marxe para recollelas.
- A continuación, os representantes fixeron unha serie de comentarios sobre a docencia nas distintas materias, segundo opinións dos seus compañeiros:
  - **Ecoloxía I:** queixas pola inclusión de clases a maiores, ao parecer por falta de tempo para completar a materia. Esta queixa levouse ao decanato e a secretaria buscoulles horarios alternativos. Tamén se refiren ao exame final, opinan que se deixou pouco tempo (1h 30'), para un exame que incluía teoría, prácticas e seminarios.

- **Fisioloxía Animal:** segundo algúns compañeiros os seminarios darían demasiado traballo.
- **Fisioloxía Vexetal I:** No grupo A parécelles moi positivo o material interactivo, os audios na aula Virtual etc. No grupo B o profesor non sobe moitas cousas á Aula Virtual. Tamén hai unha queixa co libro de texto, é unha edición en inglés e bastante cara, non todo o mundo pode compralo. A coordinadora queda en comentalo coa Directora da Biblioteca para comprobar o número de exemplares de que se dispón.
- **Microbioloxía I:** aínda que os profesores de clases expositivas son diferentes nos grupos A e B parecen estar ben coordinados. Déronlles facilidades para facer unha data de exame alternativa en decembro. Con todo, esta coordinación falla nos seminarios e os profesores en ocasións non ían ao seminario, ou o facían en horas que non correspondían.
- **Xenética Evolutiva:** Común aos dous grupos que os profesores non soben nada á Aula Virtual. No grupo B cústalles máis seguir ao profesor. Pero opinan que os exames están ben. Cren que sería bo que subisen á Aula Virtual, aínda que só fose un guión das clases para seguirlas mellor.

Os representantes solicitaron, ademais, que se lles permita asistir á próxima reunión dos coordinadores de materias de 3º curso para manifestar as súas opinións sobre a docencia das materias. A coordinadora de 3º curso quedou en que os avisaría.

Unha vez repartidas as enquisas polos representantes e pasados os días indicados recolléronse (ao ser poucas as cubertas alongouse o prazo) e foron analizadas. O resultado deste traballo recóllese no (Anexo III).

## COORDINADORES DE MATERIAS

---

### REUNIÓ COS COORDINADORES DAS MATERIAS

O 19 de abril de 2017 reunímonos os coordinadores das materias de 3º que figuran a continuación:

Javier Sampedro (Fisioloxía Vexetal I)

Gloria Revilla (profesora de Fisioloxía Vexetal II, en representación de Victoria González)

Jesús López Romalde (Microbioloxía I)

Alicia Estévez (Microbioloxía II)

Alejo Carballeira (Ecoloxía I)

Jesús Aboal (Ecoloxía II)

María Dolores Andrés (coordinadora de 3º curso e das materias Fisioloxía Animal e Fisioloxía Animal Comparada).

Foron convocados pero non acudiron os coordinadores das materias: Antropoloxía e Xenética Evolutiva.

Previamente á reunión enviáronse aos coordinadores das materias os resultados das enquisas. Na reunión comentáronse os resultados: son moi poucas respostas respecto ao total do alumnado que asiste ás clases o que impide que sexan representativas. Algúns resultados que parecen discordantes poden ser debidos precisamente á baixa porcentaxe de participación.

Na reunión tratáronse os seguintes temas:

- Do mesmo xeito que no curso anterior barallouse a posibilidade de facer a enquisa do 2º semestre (ítems da mesma e data de repartición). Finalmente decidiuse pasalas un pouco antes de finalizar as clases (cara á primeira semana de maio). Entregará as enquisas en clase o prof. Aboal, deixará uns minutos para que a contesten e logo recolleraas. Desta maneira garántese un número representativo de respostas dos alumnos
- Lembróuselles aos profesores a necesidade de cumprir a Normativa sobre revisión de cualificacións e peche de actas. É posible que esta Normativa se modifique xa que, en parte, quedou obsoleta.
- Informouse tamén aos profesores que, como todos os anos, proximamente deberán



enviar as Guías Docentes para a súa revisión e, no seu caso, posterior aprobación pola Comisión de Docencia. Para o curso 17-18 hai que ter en conta a diminución aprobada no número de horas expositivas, o que deberá reflectirse en ditas Guías.

Tal e como solicitaran os representantes de alumnos, neste momento incorporáronse á reunión cos profesores. Pasan a comentar algunhas observacións sobre as materias pero que se refiren, ao parecer, só ás do 2º semestre. Non presentan obxeccións ás materias de Ecoloxía, Microbioloxía ou Fisioloxía Vexetal. No caso de Antropoloxía tiveron problemas ao faltar a clase un dos profesores por estar enfermo e ter ao final problemas para recuperar estas clases. No caso de Fisioloxía Animal Comparada parécelles que os seminarios levan moito traballo. Ademais, principalmente nun dos grupos, parece que non tiveron boa relación cun dos profesores. Haberá que ter en conta esta opinión ao analizar os resultados das enquisas do 2º cuadrimestre.

Segue a continuación un pequeno debate cos profesores: algunhas das queixas non son cuestións de coordinación senón máis ben do decanato. A Prof. Revilla pregunta por que hai tan poucos alumnos/as nas titorías de grupo: parece que as dúbidas se resolven directamente cos profesores no momento que lles parece oportuno. Os representantes queíxanse do excesivo traballo que, en xeral, teñen ao longo do curso, con pouco tempo para levar as materias ao día. Coméntase que, para o curso próximo, diminúen as horas expositivas. Os profesores manifestan que tamén pode haber unha mala organización do traballo e acumúlase moito ao final do semestre.

## Cuarto Curso

---

### ALUMNADO

#### VALORACIÓN XERAL DA ENQUISA DE COORDINACIÓN

Cubríronse 41 enquisas, que é un número elevado en comparación co ano pasado. O maior número de enquisas (41) correspóndese coas dúas materias troncais (Bioloxía Molecular e Ecoloxía III), e o menor número coa materia optativa Edafoloxía (7). Destaca a dispersión en número de horas de dedicación a cada materia, que vai desde as 110 horas estimadas no caso de Bioloxía Molecular (62,5h de traballo persoal aparecen na guía docente desta materia de 4,5 ECTS) ás menos de 20 no caso de Biodiversidade Vexetal e Fitopatoloxía. Tamén hai unha gran dispersión en canto ao número de enquisas cubertas, que irá en función do número de estudantes de cada materia. Para obter a puntuación media das materias na enquisa tivéronse en conta soamente as valoracións das preguntas 1-8 (Anexo I), dado que a 9 e 10 refírense ao esforzo que supoñen as materias para o alumno (os valores destes dous ítems, nivel de esforzo e número de horas estimadas de traballo persoal, mostran unha elevada correlación). A dispersión das notas das materias é baixa, cunha nota media  $\pm$  SD de  $2,5 \pm 0,3$ . O 100% das materias superaron unha puntuación global de 2 (sobre 3 puntos), e 4 (40%) superaron o 2,5 (Neurobioloxía, Bioloxía Molecular, Parasitoloxía e Biodiversidade Vexetal), polo que a valoración por parte dos estudantes parece ser boa en función destes datos. O ítem mellor valorado é o 1, que se refire ao "axuste das actividades ao reflectido pola guía docente" ( $2,74 \pm 0,25$ ), e o peor valorado é, sen ningunha dúbida, as titorías ( $1,95 \pm 0,28$ ), ata o punto que moitos estudantes non contestan este ítem moitas veces.

Houbo algúns comentarios en relación á propia enquisa por parte dos estudantes, por exemplo a dificultade á hora de avaliar o punto 10 ("Indica o número aproximado de horas de traballo persoal necesarias para a superación da materia"). Varios estudantes indican que as preguntas da enquisa deberían ser reformuladas, pasando a preguntarse sobre a organización de cada materia. Para eles non é tan relevante preguntar se se seguen as guías docentes, senón por exemplo sobre a actitude do profesor á hora de dar a clase ou se cumpre os prazos á hora de subir uns arquivos para realizar unhas memorias de prácticas, os horarios, a carga do traballo, etc. Senten que non se lles deixa explicarse o suficientemente e que se dirixen as súas

respostas na enquisa actual, polo que pensan que as puntuacións finais con estas preguntas/cuestiones sempre serán necesariamente altas. Chegado este punto é relevante ter en conta as opinións dos estudantes vertidas na enquisa do primeiro semestre do curso 2015-16: "Consideran que as súas preguntas son de pouca utilidade e que non axudan a reflectir a situación real no Grao. Pensan que con estas preguntas é probable que se obteñan notas altas, dado que polo xeral cúmprese coa normativa, o temario ou a guía docente, polo que dá a impresión que as materias ou o Grao están ben expostos cando consideran en cambio que os problemas e o descontento dos estudantes teñen outras orixes, como a sobrecarga de contidos ou a falta de tempo. Finalmente, os estudantes valoran positivamente que a enquisa permita a realización de observacións e suxestións". Como se ve, as opinións son moi similares dun curso a outro en relación á enquisa.

Doutra banda, os alumnos realizaron unha serie de comentarios e suxestións xerais sobre o curso:

1. **Todos os profesores cumpren coa guía docente**
2. **Carga de traballo excesiva e pouco tempo libre para preparar as materias.** Varios estudantes indican que 4º é un curso con demasiadas materias ou número de horas que se teñen que dedicar a cada materia que resulta imposible compatibilizalo co TFG. Resúltalles moi difícil sacar tempo para facer traballos ou estudar en condicións. O estar pendente doutros traballos, prácticas externas e TFG, cadrando todo coas horas soltas, fai que as horas reais sexan moito menores ás necesarias para un resultado satisfactorio. Precísase máis tempo libre. Moita información e pouco tempo redunda nunha baixa cualificación das persoas indica un estudante. As horas dedicadas a cada materia non son as necesarias para preparalas ben e non reflicten o verdadeiro esforzo que hai que facer. No informe de coordinación de cuarto do primeiro semestre do curso 2015-16 TODOS os estudantes tamén destacaron "a existencia de sobrecarga de traballo en cuarto, con demasiadas materias, exercicios, memorias, seminarios, titorías, etc." que se percibía como incompatible co TFG, polo que propuxeran "reducir o número de materias e asignar ao TFG un Nº maior de créditos (12-15 ECTS) que reflicta a carga real de traballo, polo menos nos experimentais".

3. **Titorías.** Un estudante non considera útiles as titorías en xeral, e isto ten reflexo nos resultados da propia enquisa.
4. **Avaliación continua e traballos.** Un estudante sinala que hai que puntuar os traballos/seminarios/cuestiones de acordo co tempo/esfuerzo que requiran estes.
5. **Solapamentos:** Un estudante indica que en moitos casos obsérvanse solapamentos nas materias pero que non é negativo, xa que melloran a comprensión dos temas e a aplicación dos mesmos conceptos en diferentes ámbitos.
6. **Exames:** Un estudante comenta que o día 16/01/17 foi o exame de Bioloxía Molecular e o 18/01/17 o de Inmunoloxía, de modo que a xente que foi a ambos os exames non preparou como cómpre o segundo. No mesmo sentido, outro alumno indica que o exame de Bioloxía Molecular realizouse moi pegado ao doutras materias optativas de cuarto, así como o de Ecoloxía III, aínda que neste último caso houbo data alternativa.
7. **Horarios.** Os horarios das materias obrigatorias (Ecoloxía III e Bioloxía Molecular) poden mellorarse, sendo de mañá ou ben no caso de ter que ser de tarde de 4 a 6, e non de 6 a 8.

### VALORACIÓNS DE CADA PREGUNTA DO CUESTIONARIO

1. **As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.** *Resposta dos estudantes:* Todas as materias axustan as actividades que se realizaron ao explicitado na guía docente. De feito, o 90% das materias supera o 2,5 neste apartado.  $2,74 \pm 0,25$  (media  $\pm$  SD).
2. **O temario impartido axústase ao programa establecido.** *Resposta dos estudantes:* Todas as materias do primeiro semestre seguiron un temario que se corresponde co programa establecido na guía docente da materia; o 90% das materias supera o 2,5 neste apartado.  $2,75 \pm 0,23$  (media  $\pm$  SD).
3. **Non se aprecian redundancias e/ou solapamientos con outras materias do mesmo ou diferente curso.** *Resposta dos estudantes:* Non se aprecian redundancias nin solapamentos entre as materias máis aló do habitual.  $2,60 \pm 0,25$  (media  $\pm$  SD).
4. **As titorías son de utilidade no desenvolvemento dos contidos da materia.** *Resposta dos estudantes:* Todas as materias do primeiro


semestre teñen indicadas titorías na guía docente, pero algúns estudantes non valoraron ese apartado, ou ben o fixeron cunha baixa valoración, de modo que é o ítem con peor nota de todos os da enquisa. Os estudantes non sinalan que pode estar a fallar.  $1,95 \pm 0,28$  (media  $\pm$  SD).

5. **As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.** *Resposta dos estudantes:* Este ítem está ben valorado.  $2,52 \pm 0,30$  (media  $\pm$  SD).
6. **Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.** *Resposta dos estudantes:* Este ítem é o segundo peor valorado, despois das titorías.  $2,3 \pm 0,19$  (media  $\pm$  SD). Os estudantes non sinalan que pode estar a fallar.
7. **O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas.** *Resposta dos estudantes:* Este ítem está ben valorado, e móstranos que os estudantes non consideran en xeral que o nivel esixido na avaliación estea por encima do impartido na aula.  $2,56 \pm 0,22$  (media  $\pm$  SD).
8. **A docencia da materia mellora a miña formación.** *Resposta dos estudantes:* Este ítem está ben valorado, e móstranos que os alumnos están contentos coa formación recibida e senten que ampliaron os seus coñecementos.  $2,62 \pm 0,14$  (media  $\pm$  SD).
Tanto a representante do grupo A como nalgunha enquisa de ambos grupos, indícanse os reiterados incumprimentos de horarios do profesor de expositivas, e que non cumpre o programa, dedicando demasiado tempo a algúns temas iniciais e deixando sen tratar outros moitos. Esta crítica achácase á parte inicial da materia. Existen tamén algúns (6) comentarios críticos co aproveitamento das prácticas de campo, e tamén das de laboratorio (2). Nalgúns casos as titorías considéranse moi pouco útiles e con mal axuste ao horario establecido. Ambas representantes mostran o seu malestar pola tardía publicación das notas, tanto do exame parcial eliminatorio (sen publicarse a unha semana do seguinte exame) como do final.

### **Zooloxía II**

Con respecto ao grupo A, hai algún comentario crítico coa utilidade das prácticas de laboratorio (mencionado tamén no outro grupo) e outros solicitando máis saídas ao campo. Tamén se solicita a realización de exames parciais. Pola súa parte, no grupo B valoran moi positivamente a práctica de campo e critican a utilidade dos seminarios.

Tamén mostran o seu malestar polo feito de que no grupo A houbo un exame de visu

que non se realizou no grupo B, de modo que solicitan que os dous grupos sexan avaliados por igual e exista mellor coordinación.

### **Bioquímica II**

Nesta materia hai unha queixa (4 enquisas) que se arrastra dende o anterior cuatrimestre: o baixo nivel recibido en Bioquímica I afectou aos/aás alumnos/as para enfrentarse a Bioquímica II, cuio “nivel” es máis alto.

Nalgúns comentarios fálase de solapamentos con Xenética (sen especificar I ou II) nos últimos temas. Solicítase que se faga examen parcial e que se deixen as presentacións de clase no curso virtual.

Ambas representantes solicitan que se mellore o calendario de presentación dos traballos porque houbo reiterados aprazamentos, cambios de hora e longas esperas, para moitos grupos.

### **Xenética II**

Algúns/as alumnos/as do grupo A presentan algunhas queixas xenéricas sobre a extensión do temario, a percepción de que o nivel esixido no exame era superior ao das clases (este comentario non ten ningún sentido xa que as enquisas se realizaron antes de ter lugar o exame) e a pouca utilidade das titorías. A representante do grupo indica que a pesar de haber varios/as profesores/as se percibía unha boa coordinación entre estes/as. Como noutras materias, algúns/as estudantes solicitan máis prácticas de laboratorio. O único comentario no grupo B, transmitido pola súa representante, foi o elevado número de persoas para a realización do traballo, que podía ser de ata 10 alumnos/as. Si recoñecen, e agradecen, que a entrega deste traballo non se realizase a final de curso, como noutras materias. No grupo A non existe a realización deste traballo, **o cal, cre o coordinador de curso, que debería revisarse para que a avaliación de ambos grupos sexa similar.**

### **Bioxeoquímica**

No grupo A unha enquisa indica que tería que mellorarse a organización das prácticas e, sobre todo, aclarar axeitadamente aos/aás alumnos/as o nivel de esixencia e contidos requiridos no cuaderno de prácticas, xa que supoñen unha parte importante da nota final. Tamén solicitan (no grupo A) que os exames parciais, realizados nas titorías, sexan o mesmo día para todos/as, xa que co formato actual uns/as alumnos/as os teñen a principios de semana e outros/as ao final. No grupo B, en 3 comentarios críticase a pouca utilidade dos seminarios, e nun, o mal axuste en

duración das sesión de prácticas e seminarios.

## **ANÁLISE GLOBAL DOS RESULTADOS DA ENQUISTA DE PERCEPCIÓN DA DOCENCIA**

En xeral, os apartados 1 e 2 da enquisa (cumprimento das actividades reflectidas na guía docente e cumprimento do temario, respectivamente), amosan resultados favorables (moi por enriba de 2 en tódolos casos, e nalgúns rozando o 3) para tódalas materias. A excepción é Botánica II, onde supera levemente o 2 na pregunta 1 e non o alcanza por pouco na pregunta 2, en ambos grupos.

No apartado 3 (solapamentos e redundancias de contidos), o resultado é parecido ao anterior, con todas as valoracións por enriba do 2,5 (con alguna diferenza entre grupos en Xenética II, con 2,29 no grupo A). No caso de Bioquímica II hai algunha diferenza entre os dous grupos, estando en ambos casos a valoración por debaixo do 2,5. Sen embargo, os contidos e profesores/as foron os mesmos en ambos grupos.

A valoración no apartado 4 (titorías) é en xeral baixa, sempre por debaixo do 2 en tódalas materias, agás no grupo A de Bioxeoquímica, que acada o 2,46, aínda que o grupo B segue a tónica xeral de puntuación (1,87). Tamén se observan certas diferenzas entre grupos en Bioquímica II e Zooloxía II, aínda que non tan notables como no caso anterior.

As prácticas de laboratorio/campo (pregunta 5) están en xeral ben valoradas polos/as alumnos/as, en especial en Zooloxía II (2,49 no grupo A e 2,57 no B) e co resto de materias tamén por enriba do 2 de valoración, excepto no grupo A de Botánica II e Bioxeoquímica (1,91 e 1,88, respectivamente). Nos grupos B destas materias tamén se ve unha nota lixeiramente máis baixa que nas outras. En Bioquímica II non hai prácticas de laboratorio.

A valoración máis alta no apartado de seminarios (pregunta 6) a ten Xenética II, cun resultado de 2,79 e 2,67 nos grupos A e B, respectivamente. Tamén ten unha valoración alta en Bioquímica II e xa algo inferior nas outras materias, destacando Bioxeoquímica con 1,71 e 1,28 (grupos A e B, respectivamente). En Botánica II non hai seminarios.

A valoración sobre o nivel de esixencia percibido na avaliación (pregunta 7) ten que tomarse con cautela xa que as enquisas foron cubertas antes da realización dos exames e polo tanto só recaban datos de exames parciais corrixidos, prácticas, seminarios, etc. De feito, en varios casos, como Bioquímica II e Xenética II o número



de respostas é moi baixo. A pesar disto, en Bioquímica II, a valoración é boa en ambos grupos (ao redor de 2,60). En Xenética II é inferior, e con diferenzas destacables entre grupos (2,33 e 1,86, grupos A e B, respectivamente. Hai tamén certas diferenzas entre grupos en Zooloxía II (2,51 e 2,25) e Bioxeoquímica (2,08 e 1,84). En Botánica II a valoración é máis homoxénea, na contorna do 2.

Na pregunta 8, (*A docencia da materia mellora a miña formación*), as mellor valoradas son Bioquímica II (2,85 e 2,73), Zooloxía II (2,68 e 2,76), e Xenética II (ao redor de 2,6), e con resultados bastante homoxéneos en ambos grupos. Os casos de Bioxeoquímica e Botánica II son máis chamativos xa que son algo inferiores e ademais hai bastante diferenza na valoración de ambos grupos. Na primeira materia a valoración é de 2,53 no grupo A e de 2,03 no B; na segunda, 1,73 e 2,02.

As materias que requiren maior nivel de esforzo polos/as alumnos/as (pregunta 9) son Bioquímica II, que recibe un 2,95 en ambos grupos, e Xenética II, 2,83 e 2,85 (grupos A e B, respectivamente). Pola contra, a que require menor esforzo é Bioxeoquímica, aínda que se perciben diferenzas importantes entre os dous grupos (2,05 no grupo A e 1,75 no B). Do mesmo xeito, obsérvanse resultados diferentes (0,35 puntos de diferenza) entre os grupos en Zooloxía II, xa que o grupo A a valora cun 2,26 e o B cun 2,61. Tamén nun termo medio, e con resultados absolutamente homoxéneos entre grupos, está a Botánica II, con 2,13 e 2,11 sobre 3 de percepción de esforzo.

Os resultados da pregunta 10 (*Indica o número aproximado de horas semanais de traballo persoal necesarias para a superación da materia*) reflicten as valoracións da pregunta anterior. De novo, as materias de Bioquímica II (2,78 e 2,84) e Xenética II (2,55 e 2,63) requiren a maior dedicación horaria de estudo dos/as estudantes, mentres que a Bioxeoquímica é puntuada con 1,77 e 1,58, o que supón o menor número de horas de dedicación das cinco materias. Nun termo medio temos primeiro a Zooloxía II, con resultados lixeiramente por enriba do 2 en ambos grupos, e a Botánica II con 1,82 e 1,72, que non difiren demasiado cos de Bioxeoquímica, aínda que na pregunta 9 as diferenzas eran algo maiores. As valoracións nesta pregunta significan: 1 < 3 horas/semana; 2 3-6 horas/semana; 3 > 6 horas/semana.

A continuación preséntanse táboas resumo cos resultados da enquisa (Anexo 1). As notas valoracións medias realízanse coas puntuacións numéricas de 1 a 3, descartando os 0, xa que significan “non procede”. A valoración media final da materia realízase sen ter en conta as preguntas 9 e 10.

Número de enquisas cubiertas:

Botánica II: 46


Zoología II: 47

Bioquímica II: 59


Xenética II: 52

Bioxeoquímica: 43.


**BOTÁNICA II. Media: G. A: 2,03; G. B: 2,08**




**ZOOLOGÍA II. Media: G. A: 2,47; G. B: 2,50**




**BIOQUÍMICA II. Media: G. A: 2,45; G. B: 2,53**



**GENÉTICA II. Media: G. A: 2,44; G. B: 2,45**



**BIOGEOQUÍMICA. Media: G. A: 2,33; G. B: 2,12**



## VALORACIÓN DO PROFESORADO

Este informe recolle as opinións vertidas polos/as profesores/as de 2º de Grao de Bioloxía reunidos/as o 31 de outubro de 2017.

Concurríntes:

**Prof. Santiago Ortiz Núñez**, coordinador de Botánica II.

**Profa. Ana María Viñas Díaz**, coordinadora de GXnética II.

**Prof. Jaime José Gómez-Márquez**, coordinador de Bioquímica II.

**Prof. Guillermo Covelo Artos**, profesor na materia Bioquímica I e coordinador de 2º do Grao.

Disculpan a súa asistencia:

**Profa. María del Carmen Monterroso Martínez**, coordinadora de Bioxeoquímica.

**Prof. Marcos Andrés González González**, coordinador de Zooloxía I y II.

Primeiro abórdanse as cuestións xerais do desenvolvemento do curso, cuestionadas polos/as estudantes, para logo tratar os temas máis específicos das diferentes materias.

### Presencialidade e horarios

Os/as profesores/as asistentes supoñen que coa redución de presencialidade nas clases expositivas se aminore a crítica dos/as estudantes en canto ao número excesivo de clases.

Os/as profesores/as asistentes mostran a súa sorpresa ante a “queixa” das representantes sobre o excesivo número de clases presenciais pero que, sen embargo, exista unha demanda xeral de máis prácticas de laboratorio/campo na maioría das materias. O prof. Gómez-Márquez, co apoio do resto, indica que se podería aproveitar a reforma da Memoria do Grao en Bioloxía para aumentar as clases prácticas nas materias demandadas.

### Exames e avaliación

A profa. Viñas quere solicitar ao decanato que se faga un calendario de exames máis racional xa que comparte as críticas dos/as alumnos/as a este respecto. Solicita que haxa máis espazo entre a fin das clases e o comezo dos exames, e tamén entre

estes.

Con respecto aos traballos non presenciais, o coordinador de curso apunta que en parte, o feito de que se acumulen todos cara ao final de curso, é culpa da organización do traballo levada a cabo polos/as alumnos/as. En tódolos casos, que se saiba, a realización dos traballos é coñecida polos/as estudantes ao principio da materia e poden elaboralos ao longo de todo o cuadrimestre e non só cando se aproxime a data de entrega.

Sobre a difusión dos contidos de clase no curso virtual, o prof. Gómez-Márquez, sempre oposto a isto, plantéxase facelo de cara ao curso próximo, aínda que non o ten decidido. Coinciden os concurrntes en que existen bastantes libros na biblioteca e os/as alumnos/as dispoñen de internet para buscar material, sobre todo nestas materias básicas de segundo curso, onde mesmo edicións antigas de libros son máis que suficientes, como indica o prof. Covelo. Tamén se indica que se fai moi pouco uso dos libros dispoñibles (o que vai en contra da formación e fomento da autoaprendizaxe dos/as estudantes). Como indica o prof. Ortiz, parece que para os/as estudantes actuais os libros son algo do pasado e só lles interesan os contidos dixitais.

Existen recelos por parte dos/as profesores/as de que poida haber estudantes que estean gravando as clases cos ordenadores ou os teléfonos móbiles. Tamén se indica que a Facultade debería prestar máis atención ou medios a evitar o posible uso de dispositivos informáticos e de telefonía durante a realización dos exames.

A continuación indícanse os comentarios dos/as profesores/as con respecto ás observacións e críticas concretas das súas materias.

## **Botánica II**

O coordinador da materia recoñece que ás veces non cumpre escrupulosamente cos horarios de comezo e finalización das clases, de xeito que procurará no futuro axustarse mellor. Coincide coa reclamación dos/as alumnos/as de que existan máis clases prácticas, en especial saídas ao campo, pero que actualmente se axustan ao programado na Memoria de Grao. Apunta que, ao seu parecer, houbo unha notable merma no número de horas nesta actividade docente coa entrada do Grao en relación á Licenciatura, o cal parécelle moi negativo para a docencia. En canto ás críticas polo aproveitamento das saídas ao campo, o prof. Ortiz considera que os profesores encargados (mesmo apunta que asisten os dous profesores de expositivas cando se trata dunha actividade para facer un só profesor) fan o mellor posible esta tarefa e recoñece que o número de alumnos/as é demasiado grande (ao redor de 50) para que

todos/as poidan estar xunto ao profesor e atender axeitadamente.

O prof. Ortiz reconece que a publicación das notas foi demasiado tardía. Apunta que foi un problema dun dos profesores de expositivas, non desidia nin desinterese, e que confía que non se repita o próximo curso. Sinala tamén que a realización do exame parcial é unha verdadeira molestia e que está tentado de suprimilo.

### **Xenética II**

A coordinadora da materia, profesora de expositivas no grupo A, non considera que siga un ritmo de exposición demasiado rápido e que o temario “demasiado amplo”, criticado por algúns/as alumnos/as, é simplemente o que se axusta aos contidos da materia. En relación ao número de prácticas da materia, indica que se axustan ás establecidas, e como o resto de docentes, cre que poderían ser incrementadas se se revisa a Memoria del Grao. A coordinadora móstrase sorprendida polos comentarios sobre “o nivel de esixencia superior no exame con respecto ás clases” e que non ten ningún fundamento. A prueba está en que as enquisas e entrevista coas representantes de alumnos/as se realizaron antes da celebración dos exames. A profa. Viñas reconece, como indican os/as estudantes, que o traballo asociado ás titorías realizado no grupo B non se realiza no grupo A. Espera, de cara ao futuro, poder resolver este problema e coordinarse mellor cos/as outros/as profesores/as da materia.

### **Bioquímica II**

O coordinador de la materia indica que non ten intención de facer exame parcial, como solicitan algúns/as alumnos/as, e, como se indicou máis arriba, que estudiará o de deixar as presentacións de clase no curso virtual. Con respecto á organización das exposicións dos traballos, considera que non houbo tantos inconvenientes como relatan os/as alumnos/as, se acaso algún caso puntual de grupos que algo tardaron máis na súa exposición e retrasaron un pouco aos seguintes.

Con respecto aos solapamentos de contidos relatados nas enquisas, o prof. Gómez-Márquez móstrase extrañado xa que existe coordinación cos/as profesores/as de Xenética para tratar os temas relativos ao ADN, que é onde pode aparecer redundancia. A profa. Viñas ratifica esta apreciación e que, polo menos en Xenética II, se teñen cinguido ao acordo mencionado. Non obstante, o citado profesor apunta, e así o considera o coordinador de curso, que cando os/as alumnos/as detectan estes solapamentos deberían ser máis explícitos indicando cales son na sección de observacións das enquisas.

## **Zoología I e Bioquímica**

Non asistiron representantes das materias

## Terceiro Curso


---

### REPRESENTANTES DE ALUMNOS

A Profa. M. Dolores Andrés González levou a cabo as tarefas de coordinación do Terceiro Curso do Grao de Bioloxía, ademais das tarefas de elaboración e corrección de informes ata finais do mes de Xuño de 2017. Polo tanto, neste informe se inclúen soamente os resultados das enquisas de percepción do alumnado do segundo semestre do curso 17-18 e as valoracións feitas polos coordinadores das correspondentes materias na reunión de coordinadores celebrada o día 18 de Xaneiro de 2018. En canto a valoración e comunicación de incidencias por parte dos representantes de alumnos, estes asistiron á reunión de coordinadores de materias que se celebrou o 19 de abril de 2017, expresando algunhas queixas sobre as materias de segundo semestre que se recolleron no informe de coordinación do primeiro semestre.

### RESULTADOS DAS ENQUISAS DE PERCEPCIÓN DO ALUMNADO

Recolléronse un total de 90 enquisas das que 55 incluían comentarios e suxerencias. Non están dispoñibles os resultados das enquisas do segundo semestre divididas por grupos, polo que os resultados se analizaron de xeito global para todas as enquisas entregadas. Na reunión de coordinadores se propuxo que non se tiveran en conta as preguntas 9 e 10 para realizar as medias de valoración das materias, xa que están relacionadas co esforzo e non coa satisfacción xeral co desenvolvemento da materia. A media da valoración situouse por riba de 2,3 en tódalas materias..




Media do resultado das enquisas de valoración para cada unha das materias. As medias calculáronse utilizando os resultados das preguntas 1 a 8. Para o cálculo das medias de cada materia non se tiveron en conta as preguntas con menos dun 50% de respostas (valor 0 ou branco).

En canto aos comentarios xerais, un número elevado de enquisas (10 alumnos) reflicten descontento cos contidos programados para as titorías e seminarios, que coincide coa baixa nota obtida en todas as materias nas pregunta 4 e 6. Un número similar de enquisas consideran que neste segundo semestre teñen saturado o calendario de actividades, o que non lles permite levar preparada a materia ao día. Sete enquisas indican que existe pouco tempo entre a finalización das clases e o inicio dos exames. Laméntanse tamén de que o calendario de prácticas publicouse con retraso e en algúns casos produciuse unha acumulación da entrega de memorias de prácticas cara o final do período lectivo. Tanto no caso dos comentarios xerais como nos comentarios de cada unha das materias, tivéronse en conta só aqueles comentarios nos que coincidían a lo menos 3 estudantes.

### Valoración das materias

#### Antropoloxía (Coordinador: Prof J.L. Blázquez/ Prof. Javier Rodriguez Luis)

O número de estudantes que avaliaron esta materia foi de 74. A media total da materia foi 2,1 se se teñen en conta todas as respostas e 2,36 se se eliminan as respostas das preguntas 4, 6 e 7, para as que se recibiron menos dun 50% de respostas. A media das preguntas 1-8 foi de 2,12 e 2,5 nos mesmos casos. Na figura sinálanse en branco as preguntas para as que se recibiron menos dun 50% de respostas.



- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido.




- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación
- 9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
10. Indica o número aproximado de horas semanais de traballo persoal necesarias para a superación da materia (1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana).

Na sección de observacións e suxerencias, diversas enquisas sinalan problemas de coordinación na recuperación de clases. Este problema foi tamén exposto polos representantes de alumnos na reunión celebrada cos coordinadores das materias no mes de Abril. O representante da materia indica que o problema deriva da saturación de actividades cara ao final do período lectivo, polo que en vindeiras ocasións propoñe facer as recuperacións que foran necesarias o máis cedo posible.

### **Ecología II (Coordinador Prof. Jesús Aboal)**

Contestaron a enquisa para esta materia 90 estudantes. Todas as preguntas presentaron máis dun 50% de respostas. A media total das 10 preguntas foi de 2,44 e a media das preguntas 1-8 foi de 2,52.




- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido.
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación
- 9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
10. Indica o número aproximado de horas semanais de traballo persoal necesarias para a superación da materia (1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana).

Na sección de observacións e suxerencias, diversas enquisas valoran moi positivamente o traballo dos profesores e as prácticas de campo, aínda que sinalan que a valoración do traballo da memoria de prácticas para a nota final é inadecuada, xa que se trata dunha tarefa que lles leva bastante tempo.

O coordinador da materia comenta a imposibilidade de adiantar as prácticas da materia no calendario xa que non poden realizarse ata entrar en vigor o horario de verán, para dispoñer de horas de luz suficientes. Comunica ademais que se efectuaron cambios na programación dos seminarios e titorías para o curso 17/18.

### **Fisioloxía Vexetal II (Coordinadora Prof. M. Gloria Revilla)**

Contestaron a enquisa para esta materia 74 estudantes. A media total da materia foi 2,38 se se teñen en conta todas as respostas e 2,45 se se eliminan as respostas das preguntas 7, para a que se recibiu menos dun 50% de respostas. A media das preguntas 1-8 foi de 2,29 e 2,36 nos mesmos casos. Na figura, sinálanse en branco a pregunta para a que se recibiron menos dun 50% de respostas.




- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido.
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación
- 9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
10. Indica o número aproximado de horas semanais de traballo persoal necesarias para a superación da materia (1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana).

Na sección de observacións e suxerencias non se atoparon comentarios consistentes con respecto a materia Fisioloxía Vexetal II. A coordinadora coincide co resultado da

enquisa en canto a imposibilidade de avaliar de xeito consistente a pregunta 7, xa que a enquisa levouse a cabo cando non se tiñan realizadas actividades avaliábeis nesta materia.

### **Fisioloxía Animal Comparada (Coordinador Prof. J. Manuel Aldegunde)**

Contestaron a enquisa para esta materia 76 estudantes, cunha media de 2,45 para as 10 preguntas e de 2,34 para as preguntas 1-8.



- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido.
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación
- 9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
10. Indica o número aproximado de horas semanais de traballo persoal necesarias para a superación da materia (1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana).


Na sección de observacións e suxerencias, un número significativo de enquisas (25) indican que a carga de traballo individual da materia é excesiva, principalmente en relación aos cuestionarios de repaso que deben preparar para os seminarios. Un grupo de enquisas (8) comentan a existencia de incidencias cun dos profesores da materia, que xa se comentaran na reunión cos representantes dos alumnos. As enquisas que mencionan este problemas encóntranse agrupadas, polo que probablemente corresponden a un incidente puntual ocorrido nun dos grupos, e non algo que reflicte una situación xeneralizada.

O coordinador da materia encontra salientable a elevada nota obtida na pregunta 6, relacionada coa utilidade dos seminarios, aínda que as tarefas de repaso programadas

nestes son a causa principal de que os alumnos consideren que a carga de traballo da materia é excesiva. Por esta razón manterán a planificación das actividades de seminarios no curso 17/18. Comentase tamén o esforzo que deben realizar os profesores para corrixir os cuestionarios de repaso destes seminarios.

### Microbioloxía II (Coordinadora Profa. Alicia Estévez Toranzo)

Contestaron a enquisa para esta materia 78 estudantes, cunha media de 2,12 para as 10 preguntas e 2,21 se non se ten en conta o valor da pregunta 4, ao terse recibido menos dun 50% de respostas. Para a media das preguntas 1-8 os valores foron 1,19 e 2,32 nos mesmos casos. Na figura, sinálanse en branco a pregunta para a que se recibiron menos dun 50% de respostas.



- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.
- 2.- O temario impartido axústanse ao programa establecido.
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación
- 9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
10. Indica o número aproximado de horas semanais de traballo persoal necesarias para a superación da materia (1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana).

Na sección de observacións e suxerencias, varios alumnos comentan que existe pouca interacción nas clases expositivas e seminarios. Valóranse positivamente as prácticas.

## **COORDINADORES DE MATERIAS**

---

### **REUNIÓN COS COORDINADORES DAS MATERIAS: VALORACIÓN DOS RESULTADOS DA ENQUISA**

A reunión cos coordinadores das materias para a avaliación dos resultados das enquisas celebrouse o día 18 de Xaneiro de 2018, asistindo todos os coordinadores. No caso da materia Antropoloxía biolóxica, asistiu o Prof. Javier Rodriguez en representación do Prof. Blázquez.

Despois dunha breve presentación por parte da coordinadora do curso con respecto ao xeito no que se fixeron os cálculos das enquisas, todos os coordinadores están de acordo en que o valor máis relevante para a avaliación da percepción do alumno derívase da media das preguntas 1-8, xa que as preguntas 9 e 10, relativas ao esforzo do alumnado, teñen unha cualificación diferente. Acórdase facer o cálculo de ambas medias. Acordase tamén non ter en conta para a media da materia as preguntas con menos dun 50% de respostas (branco ou 0).

En canto aos comentarios xerais sobre a enquisa, coméntase que a pregunta 6 non ten en conta que en algúns casos nos seminarios prográmanse contidos complementarios, non estritamente necesarios para superar a materia. Detéctase, coma en anos anteriores, un problema coa programación das titorías (pregunta 4) practicamente en todas as materias. Debido a falta de interese do alumnado nas titorías cando estas non son obrigatorias, os coordinadores aconsellan reducir ao mínimo as horas dedicadas a titorías no novo Grao de Bioloxía.

Suxírese tamén a conveniencia de poñer a disposición do profesorado o calendario e horarios das actividades (prácticas, titorías) ao principio do curso ou con anticipación suficiente para facilitar a planificación das actividades.

Os comentarios individualizados de cada un dos coordinadores sobre os resultados das enquisas inclúense en cada un dos apartados. Os resultados detallados das enquisas inclúense no anexo.

## Cuarto Curso

---

### ALUMNADO

#### VALORACIÓN XERAL DA ENQUISA DE COORDINACIÓN



Hai unha gran dispersión en canto ao número de enquisas cubertas, que irá en función do número de estudantes de cada materia. Neste segundo semestre cubríronse 47 enquisas do grupo A e 29 enquisas do grupo B. Loxicamente o maior número de enquisas cubertas (47 grupo A + 29 grupo B) correspóndese coa materia troncal (Redacción e Execución de Proxectos), e o menor número de enquisas recollidas coa materia optativa Biotecnoloxía Vexetal (17). Destaca o **número de horas de dedicación á semana (>>2)** dos estudantes para as materias de Enxeñaría Xenética e Bioquímica Clínica, estando o resto das materias cunha dedicación estimada < 2 (<3-6h semanais); a de menor é Xeobotánica (Figura 1).



**Figura 1. Nº horas dedicación. 1 (<3h), 2 (3-6h), 3 (>6h a la semana)**

Como era de esperar este número de horas de dedicación mostra unha elevada correspondencia co nivel de esforzo en cada materia, sendo novamente as de maior esforzo Enxeñaría Xenética, Bioquímica Clínica e Biotecnoloxía Vexetal, aínda que neste caso a que menor esforzo supón para os estudantes é Xenética humana (Figuras 2 y 3).


## Nivel de esfuerzo



**Figuras 2 (nivel esfuerzo) y 3 (correlación nivel esfuerzo vs Nº horas dedicación)**

Para obter a **puntuación media das materias** na enquisa non se tiveron en conta os valores asociados á pregunta 7, referidos a avaliación da materia, dado que no momento de realizar a enquisa esta non tivera lugar. Tampouco se consideraron as valoracións das preguntas 9 e 10, xa que se refiren ao esforzo e número de horas que supoñen as materias para o alumno. A dispersión das notas das materias é baixa, cunha nota media  $\pm$  SD de  $2,39 \pm 0,26$  (liña laranxa na Figura 4). O 100% das materias (9) superaron unha puntuación global de 2 (sobre 3 puntos), e 3 materias (33%) superaron unha puntuación de 2,7 (Enxeñaría Xenética, Bioquímica Clínica e Biotecnoloxía Vexetal), polo que a valoración por parte dos estudantes parece ser boa en función destes datos; no mesmo sentido, todos os ítems valorados superan o valor de 2. Como noutras ocasións o mellor item é o 1, que se refire ao "axuste das actividades ao reflectido na guía docente" ( $2,73 \pm 0,25$ ), e o peor é, sen ningunha


dúbida, as tutorías ( $2,02 \pm 0,5$ ) (ítem 4), ata o punto de que moitos estudantes non contestan este apartado da enquisa, o que podería indicar que non se están realizando as tutorías nalgunhas materias (Figura 4).



1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.				
2.- O temario impartido axústase ao programa establecido.				
3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.				
4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.				
5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.				
6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.				
7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas				
8.- A docencia da materia mellora a miña formación				

**Figura 4. Notas promedio dos ítems 1-6 e 8. Línea laranxa: media**


Chama a atención tamén que **aquelas materias que esixen maior esforzo por parte dos estudantes son as mesmas que obteñen tamén as maiores valoracións, e viceversa**. Isto parece reflectirse na correlación positiva entre a valoración global da materia e o nivel de esforzo (Figura 5) ou horas de dedicación (non mostrado) que esixe.



**Figura 5. Correlación nivel esfuerzo vs nota de la materia**



A maiores, detectouse que existe unha relación inversa entre o número de enquisas cubertas (en relación directa co número de alumnos matriculados nas materias) e o nivel de esforzo que esixe cada materia, coa excepción obviamente daquelas troncais/obligatorias como Proxectos (Figura 6), o que podería querer dicir que **os estudantes non están a seleccionar as materias optativas polo interese que teñan nelas senón polo esforzo que terán que dedicarlles**; esta tendencia mantense eliminando incluso os datos referidos a materia obrigatoria de proxectos. En cambio, non parece existir correlación entre a nota dada polos alumnos á materia e o número de enquisas cubertas.



**Figura 6. Correlación nivel esforzo vs número de enquisas cubertas**

Doutra banda, nesta ocasión non houbo comentarios relativos á propia enquisa por parte dos estudantes como en anteriores enquisas, pero si realizaron unha serie de “observacións e suxestións” xerais que se detallan a continuación:

1. **Carga de traballo excesiva e pouco tempo libre para preparar as materias.** A maior parte das críticas dos estudantes céntranse en que 4º é un curso con demasiada carga de traballo, algo que se repite todos os anos nos dous semestres. Así, a enquisa #7A solicita “diminuír a cantidade de traballos e exposicións que hai no cuadrimestre, xa que se xuntan cos TFGs, as clases, os exames, etc.”. Pola súa banda na enquisa #9A comenta que “a carga de traballo é moi superior aos 4.5 ECTS, e o alumno dedícalles as mesmas horas en casa que ás de 6 ECTS”. No mesmo sentido, a enquisa #14A comenta que hai “demasiada carga de traballo

para o tempo do que se dispón”, a #30A que “as horas utilizadas pola maioría das materias superan as 30 horas establecidas”, a #37A que “para ser materias de 4.5 ECTS, teñen demasiado temario (algunhas)”, a #42A que existe “carga excesiva de traballos a entregar”, a #43A que existe “exceso de traballos en todas as materias”, a #44A que “as exposicións dun único traballo puntual son moi útiles para mellorar a capacidade do alumno”, e que “se se desenvolven en varias quendas ao longo de todo o curso restan moito tempo de estudo pola súa gran carga lectiva”, a enquisa #45A que existe “exceso de traballos durante o cuadrimestre”, un cuadrimestre “no que moitos estudantes están a redactar o seu TFG, é o de maior carga de traballo durante a carreira en canto a redacción e realización de traballos, restándolle do tempo necesario para a redacción do TFG”. Na enquisa #47A tamén se pide “reducir a carga de traballos a realizar”, e na #3B sinalase que “cuarto ten demasiadas materias”, que “a carga de traballo do TFG é desproporcionada en relación co número de ECTS que ten”, e que “debería aumentarse o número de créditos do TFG”. No mesmo sentido a enquisa #23B apunta que “a cantidade de traballos esixidos, aínda que poidan ser de utilidade para a aprendizaxe, esixe unha cantidade de horas e esforzo desmesuradas para un cuadrimestre como este, no que se suma o TFG e a proximidade dos exames”. Destacar finalmente o comentario da enquisa #27B “Os créditos que supoñen as optativas non reflicten en absoluto o esforzo, nin a relevancia a nivel formativo, nin o interese que os alumnos teñen nas materias, sobre todo en comparación coas materias dos primeiros anos de carreira. Non pode ser un sistema no cal unha materia de base e que represente unha rama á que un alumno non se vai a dedicar supoña un maior peso na media final que unha especialización escollida ao final da carreira”.

2. **Avaliación continua e traballos.** Na enquisa #47A pídese “darlle máis peso na nota final” (aos traballos) “para que o esforzo dedicado véxase reflectido na nota”. Un estudante (enquisa #14B) sinala que hai que puntuar as actividades docentes de acordo co tempo/esforzo que requiran estes: “A porcentaxe que vale cada actividade debería ser proporcional ao tempo e esforzo que se dedica”
3. **Solapamentos:** Un estudante indica que en moitos casos obsérvanse solapamentos nas materias pero que NON o considera como negativo. Con todo, outros advirten de solapamentos importantes entre algunhas

materias, o que se comenta nas materias correspondentes (ver máis adiante).

4. **Exames:** Enquisa #3B “as datas de exames están mal colocadas, e deberían estar máis separadas no tempo”. Na enquisa #10B solicítase “ter máis tempo entre a finalización das clases ou as datas de entrega dos traballos co comezo de realización dos exames para poder preparalos mellor pois, aínda que se queiran levar as cousas ao día, cos horarios de clase, prácticas, seminarios, entregas de traballos, memorias de prácticas, TFG, etc., é bastante difícil”.
5. **Horarios.** Enquisa #11B “Maior estabilidade nos horarios (por exemplo, en proxectos). Maior comunicación de cambios de hora, cambios de profesor ou de seminarios, podendo facerse a través do correo electrónico ou ben por móbil?” Enquisa #44A “os horarios dos cursos están cheos de horas mortas que dificultan o estudo”. Enquisa #21B “Horario de prácticas, seminarios, etc., moi caótico”.
6. **Máis oferta de materias optativas e prácticas.** Enquisa #45A “necesítase máis oferta de materias e prácticas da área de Ecoloxía, Zooloxía, Botánica, Conservación, etc.”. Enquisa #29B “Serían necesarias máis saídas de campo como a de Xeobotánica noutras moitas materias”; Enquisa #11B “Maior número de prácticas de campo e laboratorio”.

## COMENTARIOS SOBRE CADA MATERIA EN PARTICULAR

### Avaliación e Execución de proxectos


Nº enquisas 47 (grupo B) e 29 (grupo B); nota media 2,25 (grupo A) e 2,29 (grupo B); nivel de esforzo 1,89 (grupo A) e 2 (grupo B); Nº de horas de dedicación 1,55/3-6 horas semanais (grupo A) e 1,7/3-6 horas semanais (grupo B). Con moito esta é a materia da que se recibiron maiores queixas, que se presentan de forma resumida a continuación: a) Reestruturar a materia, dándolle máis peso aos módulos de finanzas e contabilidade, que os perciben como máis útiles, e menos ao de proxectos, ou ben cambiar o enfoque deste último e facelo máis práctico; b) Converter a materia de obrigatoria a optativa, ou pasala para terceiro; c) Que a materia sexa máis próxima á Bioloxía, porque a percepción dos estudantes é que os exemplos que se dan son doutros ámbitos, como a Arquitectura ou a Enxeñaría, ata o punto que moitos alumnos non perciben a utilidade da materia (non todos). Ademais, os apartados 4 (titorías; A,

1,83/3; B, 1,45/3) e 8 (percepción de utilidade por parte dos estudantes; A, 1,60/3; B 1,59/3) son os peor valorados polos alumnos, sendo ambos os apartados contestados en cambio por un número elevado de estudantes.

A continuación, paso a reflectir directamente os comentarios dos estudantes. Enquisa #1A: Parécelle necesaria, pero úsanse termos en clase que non se entenden, e por iso suxire cambiar o módulo de finanzas e meter un módulo de economía básica, que sería máis útil para moitos dos estudantes. Enquisa # 3A: Solicita reestruturar a materia de proxectos (non indica como). Enquisa # 7A: Solicita que as partes de finanzas e contabilidade fosen maiores e reducir a parte de proxectos. Enquisa #8A. Proxectos debería de ser optativa, pois ten demasiadas horas para 4.5 ECTS que serían de maior utilidade noutras materias. Só se mencionan conceptos de enxeñaría, pero nota falta de aplicacións prácticas en Bioloxía. Enquisa #9A: Para este estudante a materia non ten sentido e está mal exposta. Considéraa unha perda de tempo. Enquisa #10A: Non debería impartirse como materia obrigatoria. O temario non garda relación co Grao e a súa finalidade. Os profesores han de explicar conceptos moi básicos que os estudantes non teñen. Non ve útil a materia para un biólogo. Demasiadas horas para unha materia de 4.5 ECTS. Demasiadas ramas metidas nunha única materia. Enquisa #16A: A parte de finanzas e contabilidade debería de representar máis horas no total da materia. Enquisa #21A: A materia de proxectos non achega nada segundo este estudante, e debería cambiarse o modo de dala. Enquisa #27A: A materia debería de estar máis enfocada cara á Bioloxía. Enquisa #31A: Adiantar a impartición da materia de Proxectos a outro curso. Enquisa #42A: A materia de proxectos parécelle unha perda de tempo, sobre todo a primeira parte (proxectos). Non lle achega nada a un biólogo. Cambiaría o enfoque da materia e tamén o curso de impartición (non en cuarto). Enquisa #43A: Pouca adecuación do temario impartido na materia de proxectos ao que é a carreira de Bioloxía. Enquisa #46A: Cambiar o enfoque da parte de introdución a proxectos (máis cara á Bioloxía). Enquisa #47A: Cambiar o enfoque da primeira parte da materia de proxectos (por exemplo, centrarse máis en proxectos de investigación, e non tanto de proxectos de edificación). Enquisa #1B: A materia debería ser optativa. De ser obrigatoria a parte de finanzas e contabilidade debería de ter máis peso na materia, porque a primeira parte de proxectos, relacionadas con normativas, etc., non a ve necesaria para aprender. Enquisa #4B: Revisar o enfoque da materia. Podería ser unha materia moi interesante se se revisase o enfoque que se dá (máis cara á Bioloxía). Maior dinamismo nas clases, sobre todo no primeiro bloque do temario. Enquisa #6B: Parécelle interesante aprender algo de finanzas e contabilidade na materia de proxectos, pero sóbralle moito

do principio da materia, xa que non se axusta tanto ao ámbito da Bioloxía como ao da Arquitectura ou Enxeñaría. Enquisa #9B: Demasiadas horas dedicadas ao estudo da primeira parte da materia de proxectos e o estudado achega pouco á formación como biólogo. Enquisa #10B: A materia de proxectos podería ser útil, pero mellor impartila en cursos anteriores a cuarto. Enquisa #11B: Horario caótico en proxectos e polas tardes, que fai difícil o estudo. Enquisa #15B: A materia de proxectos debería de estar máis adaptada ao grao en Bioloxía. Aumentar o peso dos módulos de contabilidade e finanzas, e reducir o módulo de proxectos. Eliminaría o exame do módulo de proxectos, e só valoraría devandito módulo a través dos traballos. Enquisa #18B: Falla o enfoque da materia de proxectos no seu conxunto. Maior enfoque cara á Bioloxía, con exemplos máis próximos aos estudantes do Grao. O tema de "proxectos da construción" sobra segundo este estudante. Moita carga teórica nos primeiros temas con pouca aplicación práctica para un graduado en Bioloxía. Enquisa #20B: A materia de proxectos só serve para quitar horas ao estudo de materias verdadeiramente útiles. Enquisa #23B: A materia de proxectos está desenfocada e non lle ve utilidade. Enquisa #24B: Os contidos teóricos da materia son desproporcionados e pouco útiles desde o punto de vista da carreira. Necesítase unha maior orientación cara á Bioloxía. Enquisa #27B: Proxectos consta de demasiadas horas, sobre todo comparada con materias que está máis relacionadas con Bioloxía. Pouca adaptación da materia á Bioloxía e á aplicación directa dos coñecementos. Enquisa #29B: Desenvolver máis os módulos de contabilidade e finanzas, en detrimento do módulo de proxectos.


## GRUPO A



### REDACCIÓN E EXECUCIÓN DE PROXECTOS GRUPO A (OBLIGATORIA)

1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.		
2.- O temario impartido axústase ao programa establecido.		
3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.		
4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.		
5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.		
6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.		
7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas		
8.- A docencia da materia mellora a miña formación		
9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto)		
10.- Indica o número aproximado de horas semanais de traballo personal necesarias para a superación da materia (1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana).		

## GRUPO B




### REDACCIÓN E EXECUCIÓN DE PROXECTOS GRUPO B (OBLIGATORIA)

1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.		
2.- O temario impartido axústase ao programa establecido.		
3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.		
4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.		
5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.		
6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.		
7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas		
8.- A docencia da materia mellora a miña formación		
9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto)		
10.- Indica o número aproximado de horas semanais de traballo personal necesarias para a superación da materia (1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana).		

## Evolución Humana e Diversidade Molecular

Nº enquisas 25; nota media 2,15; nivel de esforzo 2,28; Nº de horas de dedicación 1,8/ 3-6 horas semanais. Esta materia non ten comentarios por parte dos estudantes, pero presenta un nivel de contestación moi baixo a pregunta número 4 sobre as titorías da materia (6 enquisas de 25), que ten tamén unha valoración baixa (1,33/3 puntos). Todo iso podería indicar que os alumnos non están a recibir as titorías obrigatorias descritas na guía docente da materia.




### EVOLUCIÓN HUMANA E DIVERSIDADE MOLECULAR (OPTATIVA)

1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.			
2.- O temario impartido axústanse ao programa establecido.			
3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.			
4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.			
5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.			
6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.			
7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas			
8.- A docencia da materia mellora a miña formación			
9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto)			
10.- Indica o número aproximado de horas semanais de traballo personal necesarias para a superación da materia (1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana).			

## Biodiversidade Animal e Conservación

Nº enquisas 22; nota media 2,33; nivel de esforzo 2,41; Nº de horas de dedicación 2/3- 6 horas semanais. Esta materia presenta un nivel de contestación alto a pregunta número 3 sobre redundancias/solapamentos (100% das 22 enquisas recollidas), que é o apartado con menor puntuación (1,77/3 puntos). Esta nota correspóndese cos comentarios realizados polos estudantes no apartado de observacións. Enquisa #4B: Moitas partes do temario se solapan con contidos estudados noutras materias. O esforzo dedicado ao traballo e a súa utilidade debería supor unha porcentaxe superior na nota final que a correspondente ao exame. Enquisa #17B: Calquera das optativas relacionadas con Biodiversidade presentan solapamentos con esta materia. Enquisa #19B: Céntrase demasiado no estudo de aves, deixando outros grupos de animais de lado. Enquisa #20B: Parécese demasiado a unha materia de ornitoloxía. Enquisa #21B: Debería chamarse diversidade ornitolóxica, xa que só falou de aves. Enquisa #29B: Moi ben a materia e o profesor, pero hai moita materia que se solapa con diferentes Ecoloxías e con Biodiversidade Vexetal. En relación co traballo de campo,

aínda que se lle outorga o valor que se merece, o feito do que as mostraxes finalicen o 30 de abril fai que a elaboración do Atlas se solape cos exames, facéndoo difícil.




BIODIVERSIDADE ANIMAL E CONSERVACIÓN (OPTATIVA)	
1.-	As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.
2.-	O temario impartido axústase ao programa establecido.
3.-	Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.
4.-	As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.
5.-	As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
6.-	Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
7.-	O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
8.-	A docencia da materia mellora a miña formación
9.-	Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
10.-	Indica o número aproximado de horas semanais de traballo personal necesarias para a superación da materia (1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana).

## Biotecnoloxía Vexetal

